

# THE HUMAN HIBERNATION

# 1449

Anna Cornudella, 2024

ESTREA EN NUMAX: 27.01.2025 | V.O.S.E. | +7 | 90 min

Unha muller esperta da hibernación mentres o seu irmán segue durmindo. O procedemento fai que os humanos parezan animais. Un experimento mental de ciencia ficción retratado en vívidas escenas.

«Fascinante película de ciencia ficción low cost, tan orixinal como poética e trascendente»

Philipp Engel, CINEMANÍA



## Entrevista con Anna Cornudella: «O filme nace de especular sobre as consecuencias do cambio climático»

Por Jorge Bertrán

### **Como xorde a idea de *The Human Hibernation*? Nace a película do concepto de ciencia ficción tan interesante que propón? Ou nace máis ben das súas imaxes?**

A película naceu de especular na miña cabeza posibles consecuencias do cambio climático, durante ese período lin un artigo que falaba sobre como os equidnas (un mamífero australiano) tras uns terribles incendios que deixaron a súa contorna sen recursos, adaptáronse desenvolvendo unha especie de hibernación. Iso fíxome pensar, que pasará se todas as contornas deixan de ser habitables para os humanos? Poderíamos hibernar? Primeiro veu a investigación en forma de proxecto artístico que presentei no Macba e despois veu a película, e con ela, xunto co meu equipo, creamos aos poucos as imaxes e ese universo visual que ten a película.

### **Unha das cousas máis inquietantes da pandemia foi cando tivemos que encerrarnos nas nosas casas e os animais empezaron a gañar terreo ás cidades. Logo recuperouse a normalidade, e o home recuperou os seus espazos. A túa película propón en cambio un novo equilibrio entre animais e homes. É así?**

Cando o ser humano se afasta, a natureza e o resto de especies ábrese paso, eles non entenden de terreos nin de propiedades, son conceptos que creamos pero que no fondo só teñen validez para o resto de humanos. Visto está que a natureza pode tomar o que lle apeteza e entón é cando nos damos conta de cal é o noso sitio. O ser humano loita constantemente polos seus terreos e as súas propiedades no canto de aprender a habitalos e compartilos, na película o ser humano que aparece habita os espazos co resto de especies sen posuílos.

**Como conseguiches que a imaxe dun grupo de vacas sexa inquietante?** A vaca é un animal súper maxestoso e intelixente, creo que o seu maior poder reside en sentirse un grupo e actuar como grupo. Traballar con estas vacas foi para nós das cousas máis bonitas de facer a película. Eran vacas que non estaban moi afeitadas ao ser humano polo que durante os meses que rodamos con elas estableceuse unha verdadeira relación, pero os primeiros días elas non confiaban para nada en nós e quedaban todas como estatuas fitándonos, eses planos aproveitámoslos para, ao comezo dar esta imaxe tan inquietante, cando nos coñeceron foi absolutamente imposible volver rodalas quietas, viñan lambernos a nós, á cámara, era moi divertido pero moi complicado para rodar. Aprendemos moitísimo delas e queríamos que na película tivesen esta figura case de deidade.

**Entre as túas influencias manexas a un director tan especial como Apichatpong Weerasethakul, pero queríache preguntar tamén por outra referencia como *Stalker* (1979) de Tarkovski.** Desde que estreamos a peli moitísima xente relacionoume ao instante con Tarkovski, a verdade é que os referentes que me acompañaron máis á hora de facer a película foron máis literarios que visuais. Filósofas como son Donna Haraway ou Vinciane Despret que son capaces de construír imaxinarios especulativos arredor do ser humano e a natureza, foron para min guías para crear esta utopía. Abriron un camiño dentro do construír imaxinarios na ciencia ficción que me nutriron moitísimo.